

8 DE MARZO

UNIDADE DIDÁCTICA

Interseccionalidade de xénero

para traballar nas aulas de **SECUNDARIA** o 8 de Marzo

Mulleres en
FOLGA



Introdución

Vivimos nunha sociedade en constante transformación. Os cambios sociais producidos polos fluxos migratorios, a alteración da economía e do mercado laboral, a reivindicación da diversidade sexual e de xénero, o transvase de poboación campo-cidade ou o auxe das novas tecnoloxías e redes sociais preséntannos un escenario cheo de singularidades que conflúen na necesidade de interpretar as variables que permiten educar baixo valores de igualdade, non discriminación e a cultura da paz. Aínda que moitos destes cambios supuxeron grandes progresos para a nosa sociedade, outros afondaron nas desigualdades xa existentes e crearon novas realidades ás que debemos facer fronte.

A interseccionalidade de xénero como enfoque coeducativo pretende ser unha ferramenta útil para traballar as estruturas de discriminación múltiple que con frecuencia atopamos nas aulas. Isto implica asumir como punto de partida a desigualdade de xénero, que afecta a máis da metade do alumnado, e asociar outras discriminacións de distinto tipo ás que está exposto o alumnado. A busca de novas metodoloxías que acollan a todos os individuos coas súas singularidades baixo o enfoque da diversidade e da non discriminación presenta un marco de traballo para un sistema educativo que cada vez máis, ten a diversidade (étnica, sexual, de xénero, socioeconómica, funcional...) como característica principal.

Dende esta xénese, a “interseccionalidade” é un termo empregado para sinalar como diferentes fontes estruturais de desigualdade manteñen relacións recíprocas. É un enfoque teórico que subliña que o xénero, a etnia, a raza, a clase ou a orientación sexual -entre outros trazos da identidade- son construídas e relaciónanse entre si. Non consiste en enumerar desigualdades se non en analizar cales son determinantes en cada contexto. Isto permite identificar exclusións estruturais e xerar estratexias únicas para combater discriminacións recíprocas. Esta mirada complexa permite evidenciar estratexias de poder que funcionan en base a normas sociais naturalizadas e que requiren dunha atención específica para ser detectadas¹.

Seguindo este enfoque, trataremos de afondar nas relacións de poder que xera a desigualdade de xénero -valéndonos da coeducación como base metodolóxica- para introducirmos nas interseccións con outras discriminacións que teñen como obxecto a lingua, a etnia, a orientación sexual, a diversidade funcional ou a posición económica para fomentar unhas relacións sans, non prexuízosas e non discriminatorias no conxunto da sociedade .

1. PLATERO MÉNDEZ, RAQUEL. *Una mirada sobre la interseccionalidad, la construcción del género y la sexualidad en las políticas de igualdad centrales, de Andalucía, Cataluña, Madrid y País Vasco*, IX Congreso AECPA Repensar la democracia: inclusión y diversidad. Málaga 25 de Septiembre 2009. Web: http://www.aecpa.es/uploads/files/congresos/congreso_09/grupos-trabajo/area01/GT04/10.pdf



Obxetivos xerais

- Entender as diferenzas que a sociedade marca entre homes e mulleres e colectivos en risco de exclusión ou discriminados
- Recoñecer as actitudes discriminatorias que se exercen sobre o feminino, mais tamén sobre outros colectivos discriminados nos medios de comunicación, na linguaxe oral e a escrita, nas imaxes que se transmiten, nas relacións laborais e na economía en xeneral
- Emprego dunha linguaxe afastada de expresións discriminatorias.
- Identificar actitudes violentas e discriminatorias cara as mulleres e colectivos en risco e rexeita dita violencia
- Adquirir unha imaxe axustada á súa propia existencia, pero en igualdade coa das demais persoas e/ou compañeiras
- Crear espazos de seguridade entre compañeiras e compañeiros
- Converter ao alumnado en axentes de cambio e transformación social.

Metodoloxía

Antes de introducir e traballar a interseccionalidade de xénero na aula é preciso que cada docente teña un coñecemento previo do alumnado para poder dirixir as actividades cara as discriminacións que considere que se axustan máis á realidade das alumnas e alumnos coas que se realizarán as tarefas. Isto implica ter en conta se hai poboación migrante ou non, se hai persoas LGBTQ+, se hai alumnas e alumnos con diversidade funcional, minorías étnicas, as diferentes clases sociais que se poden ver representadas na aula, a procedencia rural ou urbana do alumnado, diversidade lingüística ou presenza de linguas minorizadas – como é o caso da lingua galega especialmente en contextos urbanos ou semiurbanos- e diversidade relixiosa, entre outras.

Unha vez definidas estas liñas, débese fomentar unha actitude **participativa e activa** tanto por parte do profesorado que pon en práctica as actividades como por parte do alumnado que, en última instancia, será o encargado de desenvolvelas. Todas as actividades a realizar enfócanse **dende unha perspectiva feminista**, onde o conxunto do alumnado poida identificar como unha boa parte das compañeiras sofre unha situación de discriminación só polo feito de ser muller. Nalgúns casos traballárase de **xeito directo** e concreto e noutros de maneira **transversal**.

Unha vez que o alumnado identifique o que é unha discriminación e poida sentirse interpelado empregando algunha experiencia vivida, comezaranse a traballar as discriminacións múltiples e os efectos que estas teñen sobre as compañeiras e compañeiros que as sofre.

Para rematar, dotaráselle ao alumnado de ferramentas para desarticular as condutas que xeran desigualdade sobre as súas compañeiras e compañeiros -e que son extrapolables á vida cotiá- e así proceder á eliminación das situacións discriminatorias coas que conviven. É importante xerar espazos de seguranza entre o alumnado para que poidan ser libres mantendo e reivindicando a súa identidade. Paralelamente hai que explicar que a discriminación só xera odio e violencia, o que se traduce nas aulas en acoso escolar ou *bullying*.



Consellos

- É importante que o profesorado transmita que a diversidade entre as diferentes identidades do individuo suman e enriquecen mutuamente ao conxunto da sociedade.
- As particularidades de cada individuo, nunca deben ser entendidas polo profesorado nin polo alumnado de xeito pexorativo ou negativo. Ninguén ten mala ou boa sorte por ter unha identidade concreta ou unha realidade socioeconómica determinada. Simplemente constrúe a súa identidade en base ás particularidades dos seus condicionantes.
- Evitar enviar mensaxes de revictimización das persoas que sofren discriminación na aula. Estas alumnas e alumnos loitan e sofren todos os días por ser “diferentes” dentro dos espazos normativos. A mensaxe debe ser empoderadora e de buscar aliadas e aliados na súa loita persoal.
- Trasladarlle ao alumnado a importancia do seu papel como axentes de cambio no seu entorno e para o futuro.

Actividades

ACTIVIDADE 1. *Tod@s somos diferentes*

Material: Ordenador e/ou proxector.

Desenvolvemento: Visionado do vídeo: Interseccionalidad 101.

Ligazón: <https://www.youtube.com/watch?v=JwTFPWD98pg&t=5s>

O vídeo expón a situación de interseccionalidade na que viven Fátima e Jerry contraposta á posición privilexiada de Greta. O vídeo está en inglés subtulado e os subtítulos en castelán. Pode ser unha boa ferramenta para aulas de ensino bilingüe ou lingua inglesa.

Tras o visionado reflexionarase sobre as dificultades ás que se enfrontan cada un@ d@s protagonistas.

Por que hai xente que nace con máis privilexios que outra?

É xusto que Fátima e Jerry sexan discriminados polas súas características?

Cóñeces persoas que sufran discriminacións similares?

Discriminástes a algunha persoa por algunha das razóns anteriores?

Podería Fátima chegar a ser como Greta?

ACTIVIDADE 2. *Como son?*

Material: Encerado e xiz.

Desenvolvemento: A profesora ou profesor escribe no encerado conceptos en base aos que se orixinan diferentes desigualdades e discriminacións. Tamén se poden escribir en folios e fixar ao longo das paredes da clase. Comezase polo xénero, xa que esta unidade didáctica está centrada na interseccionalidade de xénero como ferramenta para traballar as desigualdades múltiples.

Divídese a aula entre rapazas e rapaces para que poidan observar de maneira clara por que as rapazas, de partida, van sufrir un maior número de discriminacións.

Escóllense soamente aquelas categorías discriminatorias que o profesorado considere que teñen presenza na aula e realízase unha pequena introdución sobre cada un deles.

Íranse introducindo un a un.

Preguntaráselle ás alumnas e alumnos se algunha vez se sentiron discriminadas por algunha destas razóns. En grupo, teñen que escribir nun papel exemplos.

Debaixo de cada concepto anotarase o número de alumnas e alumnos que se sentiron



discriminadas en base a estas características e faise unha reflexión final a cerca de como cada persoa sofre diferentes discriminacións nun mesmo corpo.

Crearase un ambiente óptimo para que o alumnado explique o contexto no que se sentiu discriminado, o que sentiu e como actuou.

XÉNERO (explicar o que é o xénero)

ORIENTACIÓN E DIVERSIDADE SEXUAL (explicar as diversidades sexuais que existen)

RELIXIÓN (citar a diversidades relixiosas que existe no mundo)

MIGRACIÓN (explicar que é e por que se xera)

DIVERSIDADE FUNCIONAL (expoñer diferentes casos)

LINGUA (falar sobre as linguas que teñen presenza no centro e valorar o seu estatus)

ETNIA/RAZA (introducir a diversidade física e cultural do ser humano)

CLASE SOCIAL (explicar as clases sociais en relación cos traballos dos pais e nais e a súa relación coa economía)

PROCEDENCIA RURAL/URBANA

ACTIVIDADE 3. Píntame un esquema teu.

Material: Folios e rotuladores.

Desenvolvemento: Debúxase unha liña no encerado que viría a representar o xénero. Posteriormente vanse engadindo nesta liña interseccións que representen outras discriminacións ate que todas cheguen a un punto común (intersección) para representar como nunha mesma persoa se poden desenvolver discriminacións múltiples e como esta discriminación non supón a suma illadas de todas as discriminacións senón que crean unha nova

discriminación concreta sobre a identidade dunha persoa.

Para axudar a realizar o exercicio, aportamos unha historia a través da que se poderán ir debuxando ditas liñas.

*Chámome Nadia e teño 15 anos. Cheguei a Galiza hai 3 anos acompañada de miña nai e os meus dous irmáns Brahim e Adnan. Somos de Siria pero como alí hai un conflito armado, tivemos que marchar e **refuxiarnos noutro país**. En Damasco a miña nai tiña unha perruquería e meu pai traballaba de enxeñeiro. Meu pai morreu na guerra.*

*A miña situación é moi difícil. Como son a **única irmá** teño que **axudar á miña nai** nas tarefas da casa e no coidado dos meus irmáns e ademais estudar. Moitos días non teño tempo para facer os deberes ou preparar os exames. **A miña nai non atopa traballo** porque ten dificultades coa lingua. Aínda non é capaz de falar ben galego e castelán. Ela era moi boa perruqueira pero parece que aquí ninguén lle quere dar unha oportunidade. **Vivimos soamente cunha axuda que nos dá o Estado** e case sempre é difícil chegar a fin de mes. Miña nai chora moitas veces porque di que non nos chegan os cartos nin para pagar o alugueiro. Tamén di que en Siria era feliz porque nos podía dar unha boa vida pero agora xa non podemos volver alí.*

*Eu esfórzome moito por **aprender a lingua** sacar boas notas. Encántanme as mates. De maior quero ser enxeñeira aeroespacial pero todo o mundo me di que mellor faga enfermaría porque unha **enxeñería é moi difícil para unha muller coma min**.*


*Na escola non teño demasiadas amigas e amigos. Eu creo que lles da medo que **leve o pano posto na cabeza**. Non o entenden e ás veces preguntanme se vou poñer unha bomba. Eles non se imaxinan que por esa xente horrible que pon bombas, tamén no meu país, teño que estar eu aquí refuxiada. Ás veces tamén se rín de min porque non son quen de **pronunciar as palabras correctamente**. Bo, se souberan que diferente é a miña lingua da súa e todo o que me esforzo por facelo mellor cada día...*

Só Paula me fai caso. Ela tivo un avó refuxiado en México durante a ditadura de Franco.

*Con ela si que podo falar. Enténdeme súper ben e súa nai sempre me convida á súa casa. Na clase os rapaces din que **somos lesbianas** porque pasamos todo o día xuntas e rinse de nós. A min non me gusta ninguén pero con Paula síntome moi a gusto e non vou deixar de estar con ela polo que conte a xente. A miña vida privada é só miña e non lle teño que dar explicacións a ninguén. Ademais, que mal tería se foramos lesbianas e nos quixeramos?*

Aínda que estou moi agradecida de poder estar aquí encantaríame que as miñas compañeiras e compañeiros entenderan todas as dificultades que tiven e teño na miña vida e foran máis comprensibles. Encantaríame explicarlles como era Siria antes da guerra, ou por que decidín por o pano. Sería tan xenial que me deran esa oportunidade...

A liña tería que quedar así:



O punto que está en laranxa representa a interseccionalidade de xénero que conflúe no caso de Nadia. Como por ser muller, migrante, musulmá, pobre e lesbiana sofre un tipo de discriminación múltiple concreta que fai que o seu caso sexa diferente ao de outras persoas.

Agora cada alumna e alumno debe realizar un esquema similar ao proposto no caso de Nadia falando das discriminacións que considera que sofre. As consecuencias non teñen porque ter unha magnitude elevada -como pode ser o caso do acoso ou bullying- pero si situacións que a/o fagan sentir molesto na súa vida cotiá.

Unha vez realizado coméntase na aula.

ACTIVIDADE 4. Un mundo de puntiños diversos

Material: Papel de estraza e pegamento.

Desenvolvemento: Realízase un mural con todos os resultados da actividade 2 baixo o epígrafe “Tod@s somos puntiños divers@s” que se poderá colgar no centro educativo. Incluirá o nome de cada alumna e alumno e unha breve explicación dos resultados.

Tamén se pode acompañar de pequenas historias e experiencias sobre discriminación que sufriron @s alumn@s primando as que teñan contido de xénero xa que estamos a traballar a temática da muller.

Cunha cor que resalte uniranse todos os puntiños que representan a cada alumn@.

ACTIVIDADE 5. A escaleira de privilexios

Material: Non se precisa material.

Desenvolvemento: empregarase o espazo da aula para que os alumnos realicen desprazamentos nela. Aconséllase apartar o mobiliario para ter máis espazo. Tamén se pode realizar ao aire libre ou en calquera espazo que o profesorado considere adecuado.

@s alumn@s deben estar tod@s aliñados. Hai que pregarlles sinceridade e fomentar un espazo de seguranza entre elas e eles.

A profesora ou profesor irá realizando preguntas en voz alta ó ao alumnado. O alumnado debe responder de xeito individual. Se son afirmativas terán que dar un paso cara adiante e se son negativas terán que dar un paso cara atrás.



Nesta ligazón poderás ver un vídeo sobre a propia actividade realizada entre persoas adultas para ter como referencia: <https://www.youtube.com/watch?v=hD5f8GuNuGQ&t=162s>

As preguntas son as seguintes:

1. Algunha vez non puideches xogar a un xogo que querías porque “era de nenos” ou era “de nenas”?
2. Tes pouco tempo para facer os deberes ou estudar porque tes que axudar nas tarefas do fogar ou no coidado dos teus familiares?
3. Algunha vez fuches vítima dun comentario, una actitude ou unha mirada racista?
4. Algunha vez che dixeron que de maior non te poderías dedicar ao que che gusta porque “iso non é para rapaces” ou para “rapazas”?
5. Algunha vez alguén te fixo sentir incómod@ pola túa roupa, a túa estética, a túa mochila...?
6. Algunha vez alguén te fixo sentir mal por crer na túa relixión ou levar obxectos que identifiquen a túa fe?
7. Algunha vez alguén se burlou ou fixo un comentario inadecuado porque falas galego ou porque a túa familia o fala?
8. Algunha vez alguén te fixo sentir mal porque non falas correctamente a lingua ou tes certas dificultades?
9. Algunha vez te sentiches discriminada porque non tiñas cartos para facer o que facían as túas amigas e amigos?
10. Algunha vez se burlaron de ti porque es demasiado “masculina” ou “feminino” no teu comportamento ou na túa maneira de vestir?
11. Algunha vez te xulgaron ou te fixeron sentir incomod@ por que din que che gusta alguén do teu mesmo sexo?
12. Algunha vez te fixeron sentir incómoda porque es estranxeir@?
13. Consideras que tes máis presión que os teus compañeiros varóns á hora de realizar exames e tarefas escolares por ser unha nena?
14. Algunha vez unha parella che intentou controlar os whatsapps, o facebook, o

instagram ou con quen quedabas e a que horas entrabas e saías da túa casa?

15. Consideras que por ter unha discapacidade @s compañeir@s non te tratan do mesmo xiro que ao resto?

Unha vez rematadas as preguntas pedímoslle ao alumnado que se mantecía na posición que adoptaron ao final. Realízaselles a seguinte pregunta: Se tod@s saístes do mesmo punto de partida por que agora ocupades espazos diferentes na aula?

A reflexión debe enfocarse dende os privilexios cos que contan as persoas que quedaron máis atrás no canto de darlle primacía ás razóns de desvantaxe que viven as persoas que quedaron nas posicións máis avanzadas.

Durante a quenda de participación iranse intercalando persoas que ocupen espazos diferentes na aula.

A idea é que se reflexione sobre as razóns que levan a uns e a outros a ocupar o lugar que ocupan.

ACTIVIDADE 6. *Tod@s a unha!*

Material: Non se precisa material.

Desenvolvemento: esta actividade é unha continuación e complemento da actividade 5.

O obxectivo é desmontar as desigualdades existentes entre o alumnado de tal maneira que se poida anular a situación de discriminación e que todos volvan –físicamente– á liña de partida na que comezou á actividade.



O profesorado terá previamente que ter anotadas as situacións discriminatorias que foron sinaladas na aula e que provocaron o desprazamento do alumnado. Pódense empregar as categorías da actividade 1 e ampliar máis categorías ou reducilas en función da realidade da aula.

Agora vólvese sobre as preguntas da actividade 4 e téntase desmontar e deconstruír os argumentos que se empregan para xerar dita discriminación.

A profesora ou profesor volve facer a pregunta e pídelles ás persoas que se moveron en cada pregunta que xustifique as razóns que a levaron a facelo.

Neste punto, fomentando que o alumnado teña unha actitude activa e participativa, téntase desmontar as razóns que levan ás persoas a discriminar por dito motivo.

Nese momento, as alumnas e alumnos que se desprazaran con anterioridade cara atrás agora farano cara adiante e viceversa.

A idea é expor que a base de todas as discriminacións é a desigualdade. A de xénero, por ser a que afecta de maneira transversal a máis dun 50% da humanidade é o punto de partida para tratar todos os demais casos específicos.

Clasificación das preguntas por tema tratado:

XÉNERO

1. Algunha vez non puidiches xogar a un xogo que querías porque “era de nenos” ou era “de nenas”?
2. Tes pouco tempo para facer os deberes ou estudar porque tes que axudar nas tarefas do fogar ou no coidado dos teus familiares?
4. Algunha vez che dixeron que de maior non te poderías dedicar ao que che gusta porque “iso non é para rapaces” ou para “rapazas”?
13. Consideras que tes máis presión que os teus compañeiros varón á hora de realizar exames e tarefas escolares por ser unha nena?
14. Algunha vez unha parella che intentou controlar os whatsapps, o facebook, o instagram ou con quen quedabas e a que horas entrabas e saías da túa casa?

ORIENTACIÓN E DIVERSIDADE SEXUAL

5. Algunha vez alguén te fixo sentir incómodo@ pola túa roupa, a túa estética, a túa mochila...?
10. Algunha vez se burlaron de ti porque es demasiado “masculina” ou “feminino” no teu comportamento ou na túa maneira de vestir?
11. Algunha vez te xulgaron ou te fixeron sentir incomod@ por que din que che gusta alguén do teu mesmo sexo ou sinxelamente porque che gusta?

RELIXIÓN

6. Algunha vez alguén te fixo sentir mal por crer na túa relixión ou levar obxectos que identifiquen a túa fe?

MIGRACIÓN

3. Algunha vez fuches vítima dun comentario, una actitude ou unha mirada racista?

DIVERSIDADE FUNCIONAL

8. Algunha vez alguén te fixo sentir mal porque non falas correctamente a lingua ou tes certas dificultades?
15. Consideras que por ter unha discapacidade @s compañeir@s non te tratan do mesmo xiro que ao resto?

LINGUA

7. Algunha vez alguén se burlou ou fixo un comentario inadecuado porque falas galego ou porque a túa familia o fala?
8. Algunha vez alguén te fixo sentir mal porque non falas correctamente a lingua ou tes certas dificultades?

ETNIA/RAZA

3. Algunha vez fuches vítima dun comentario, una actitude ou unha mirada racista?
8. Algunha vez alguén te fixo sentir mal porque non falas correctamente a lingua ou tes certas dificultades?
12. Algunha vez te fixeron sentir incómoda porque es estranxeir@?

CLASE SOCIAL

2. Tes pouco tempo para facer os deberes ou estudar porque tes que axudar nas tarefas do fogar ou no coidado dos teus familiares?
5. Algunha vez alguén te fixo sentir incómodo@ pola túa roupa, a túa estética, a túa mochila...?
9. Algunha vez te sentiches discriminada porque non tiñas cartos para facer o que facían as túas amigas e amigos?

PROCEDENCIA RURAL/URBANA

7. Algunha vez alguén se burlou ou fixo un comentario inadecuado porque falas galego ou porque a túa familia o fala?

ACTIVIDADE 7. Xogamos cos estereotipos

Material: Non se precisa material

Desenvolvemento: a profesora ou profesor proponlle ao alumnado que pensen que características tería a persoa máis discriminada do mundo. Como a imaxinarían. Poden facer unha descrición ou un debuxo dela. Incluso empregar internet e redes sociais para buscar fotos ou vídeos que a representen.

Posteriormente, lense ou exhibense algúns dos traballos realizados e comézase a escribir no encerado características comúns que o alumnado considera causa de discriminación.

Posteriormente reflexiónase sobre as ideas que provocan que tratemos a determinadas persoas con certas características de maneira diferente e como podemos facer para corrixilo.

ACTIVIDADE 8. Todas as mulleres que son

Material: Papel e bolígrafo.

Desenvolvemento: as rapazas poden facer esta actividade baseándose nelas mesmas ou en mulleres que teñan cerca na súa vida. Os rapaces teñen que escoller unha muller cercana. É interesante que poidan achegar unha fotografía da muller que escollen para mostrarlle ao resto da aula.

As mulleres, polo feito de selo, desenvolve-mos determinados roles ao longo da nosa vida que nos veñen impostos socio-culturalmente. Somos fillas, nais, avoas, coidadoras, limpadoras, traballadoras. Por outro lado, hai certos espazos que non chegamos a ocupar de maneira normaliza: posicións de poder, altos cargos nas empresas, direccións...

Baseándose na muller que escolleron, teñen que describir cantas mulleres diferentes se poden extraer dela. Despois analizarase cantas desas características lle permiten a esa muller alcanzar os obxectivos que se propón na vida.

Para rematar, pídeselle que inclúan outras características que definan a identidade da persoa que escolleron: cor de pel, trazo físico, vestimenta, orientación sexual, relixión... e que analicen en que medida, na sociedade na que vivimos, lle pode afectar e sentirse discriminada.

ACTIVIDADE 9. Un pouco de Hip-hop, trap, reggaeton e cumbia

Material: Ordenador con alt falantes e proxector (opcional).

Desenvolvemento: escóllese algún tema da lista de reprodución que aparece a continuación.



As letras pódense atopar todas elas en internet sen maior dificultade.

Ligazón: https://www.youtube.com/watch?v=RvOZuiP0wFM&list=PLcZ5FQbvOeVzK-4rDfJJ_jo7ArNRxjg7W

Por un lado amósaselle ao alumnado como as mulleres tamén fan música moderna, sen ter que estar ligado a estereotipos de xénero ou á cousificación do corpo. Hai moitas artistas mulleres, feministas, artistas e combativas. O interesante é que nestes temas, aparecen

moitos temas transversais como a diversidade sexual e afectiva, lingua, clase, raza que se deben traballar todos na aula.

O ideal é que despois de escoitar a canción e reflexionar sobre ela, as mulleres de aula deberían facer unha “actuación” realizando a canción -aínda que sexa en playback- mentres os compañeiros fan de bailaríns ou acompañantes do grupo, pero sen ter a prominencia da canción.

Glosario

Interseccionalidade de xénero: termo empregado para sinalar como diferentes fontes estruturais de desigualdade manteñen relacións recíprocas primando o xénero -por afectar á máis do 50% da poboación- xunto coa etnia, a raza, a clase ou a orientación sexual -entre outros trazos da identidade- e interpretar como se constrúen e como se relacionan entre si.

Xénero: construción cultural que fai unha sociedade, nun momento concreto, a partir das diferenzas coñecidas como sexo.

Feminismo: teoría política que loita pola igualdade real entre mulleres e homes.

Acoso escolar/ Bullying: comportamentos intimidatorios e burlescos nos que entran as ameazas físicas e verbais e os insultos, e que xeran o illamento dun individuo ou un colectivo.

Autoría

Unidade didáctica realizada por MARÍA RÚA JUNQUERA, especialista en xénero, conflitos armados e relacións internacionais.

XV XORNADAS DA MULLER

SÁBADO 17 DE MARZO DE 2018

IES AS FONTIÑAS
RÚA ESTOCOLMO, 5. SANTIAGO

Solicitada a homologación por 8 horas lectivas.
Matrícula gratuíta.

A inscrición realizarase a través da web da as-pg:
www.as-pg.gal e CIG-Ensino: www.cig-ensino.gal
no apartado de Formación.

O número de prazas é limitado e cubrirase por rigorosa
orde de inscrición tendo en conta que hai unha reserva
máxima dun 30% para aquelas persoas que nunca
traballasen como docentes para a Consellería de Educación.

